

INDICACIÓNS INICIO DE CURSO 21/22 PARA O ALUMADO E FAMILIAS

- **Comunicación coas familias:** é fundamental que todos os pais/nais/titores legais do alumnado teñan instalada no seu teléfono móbil a aplicación [Abalar Móbil](#) da Consellería de educación. (Se teñen dificultades, consultade as [guías na web](#) ou chamade ao centro).
- As actividades lectivas comezarán o **Mércores 15 de Setembro ás 8:45h para todo o alumnado**. Ese día xa haberá **transporte escolar** ([paradas coas rutas e horarios na web do centro](#)),
- O alumnado agardará no patio superior para ser conducido ao acto de presentación, onde se lle asignará o grupo e titor/a correspondente, seguindo criterios organizativos e pedagóxicos.
- O **alumnado de 1º da ESO terá un Plan de Acolida** no que dedicará a mañá a coñecer o centro e realizar diferentes obradoiros para coñecer a dinámica do centro. Tamén poden ver o [vídeo de acolida elaborado polo alumnado o curso pasado](#)
- **Material:** O primeiro día de clase o alumnado unicamente debe traer como material un bolígrafo. O alumnado de 2º e 3º de ESO traerá o primeiro día o seu ordenador **Edixgall cargado**. Nos seguintes días de clase cada profesor indicarlle ao alumnado o material necesario para cada materia. O alumnado debe *anotalo na axenda que lle entrega o centro. (Teñen que comezar a ser autónomos)*
- Os **ordenadores do proxecto Edixgal** serán entregados nas primeiras semanas, Lembrar que é un **préstamo da consellería e en caso de rotura as familias deberán correr cos gastos da reparación**. (A consellería ofrece a posibilidade de contratar un seguro). [Toda a información nesta web](#).
- **Libros de texto:** *Recoméndase NON mercar ningún libro de texto de momento xa que dende o centro, trataremos de proporcionar os libros das materias que non entran en E-Dixgal ao alumnado, para iso utilizaremos ata esgotarse o fondo de libros existente no centro. Repartiranse ata esgotar ás existencias 1 libro por alumno, comezando pola letra "F" (segundo sorteo realizado no consello escolar) do primeiro apelido do alumnado de cada nivel educativo No caso de non chegar as existencias será cando o alumnado deberá mercar os libros que lle falten.*
- **Vales Material Escolar:** Avisarase a través de Abalar Móbil. Comezarán a repartirse a nos primeiros días de curso, será necesario que un pai/nai/titor legal do alumnado veña a recollelos. En caso de non poder acudir poderán autorizar a algún mediante un [documento](#) publicado na web do centro.
- **Plan de Ensino Virtual:** Pensado para situacións de confinamento e pode [consultarse na web do centro](#), xunto con *videotitoriais sobre Edixgal, videoconferencias, etc.*
- **Planos de acceso ao centro e ás quendas horarias para todo o curso.**
- **Protocolo Covid:** Publicado na web do centro, [Resumo Protocolo Covid](#)

Un saúdo

A Dirección